



CONCELLO DE REDONDELA

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA APERTURA DO SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS) DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE REDONDELA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022

**Expte nº:** 2133/2022

**Título:** Contrato de servizos de limpeza de praias do Concello de Redondela durante a tempada de verán 2022 (reservado a Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social e Empresas de Inserción, segundo DA 4ª Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público)

**Lugar de celebración:** Videoconferencia debido á crise sanitaria da COVID-19

**Data e hora:** trece de xuño de dous mil vinte e dous ás 09:24 horas

### Asistentes:

**Presidenta:** **María Castro Abad**, concelleira de Economía e Facenda, Urbanismo e Vivenda, Emprego e Patrimonio, en substitución da alcaldesa.

**Vocais:** **Daniel Boullosa Martínez**, concelleiro do Grupo Municipal da AER.

**Mª Ángeles García Villaverde**, secretaria xeral municipal.

**Ángel Santamariña Rivera**, interventor municipal.

**Óscar Rodríguez Otero**, encargado municipal de Vías e Obras.

**Secretaria:** **María Guillán Montero**, administrativa de Administración Xeral adscrita ao Departamento de Secretaría.

### Orde do día:

1º) Apertura do sobre único electrónico coa documentación administrativa, proposición e documentación relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas das entidades licitadoras presentadas (acto público).

2º) Cualificación da documentación administrativa (acto non público).

3º) Identificación de ofertas anormalmente baixas, e, no caso de non existir, valoración das ofertas, asignación de puntuacións e proposta de adxudicación (acto non público).

Constituída a Mesa, a secretaria xeral do Concello informa de que a licitación se tramitou electronicamente e de que se presentou unha única proposición a través da Plataforma de Contratos do Sector Público que é a seguinte:

IDENTIDADE	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
E.I.L. CORMO INTEGRAL, SLU CIF B36952166 Representante: M.ª de Camen Avendaño Otero SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO	09-06-2022 14:43	EN PRAZO

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 6MWF4NP4SKQDX57ESEQ9X6J | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

Segundo a orde do día establecida e de acordo co establecido na base 10.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe á licitación, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 1238/2022 de data 24.05.2022, procedese a apertura, en acto público e mediante dispositivo electrónico, do Sobre Único Electrónico da entidade licitadora presentada, achegando a empresa os seguintes documentos:

**- E.I.L. Cormo Integral, SLU con CIF núm. B36952166:**

- a) Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e os requisitos de participación na licitación conforme co modelo que figura como Anexo I do Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación pero na que non están cubertos os datos do poder da representante da empresa.
- b) Proposición, segundo modelo do Anexo II do PCAP.
- c) Non presenta documentación relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmula: plan de sensibilización sobre integración laboral da diversidade funcional e sensorial.
- d) Documento en branco para indicar que a acreditación da solvencia non vai basearse nas capacidades ou medios doutra entidade.
- e) Documento en branco para indicar que non concorre en UTE.
- f) Xustificante da contratación dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais.
- g) Documento de autorizacións de consulta do licitador.

De seguido a secretaria xeral do Concello comunica que a declaración responsable presentada E.I.L. Cormo Integral, SLU se axusta ao modelo do Anexo I do PCAP pero que, ao faltar os datos do poder da representante da empresa e tendo en conta que o PCAP prevé na cláusula 10.3 que se a empresa está inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, se poderán comprobar de oficio aqueles datos da empresa licitadora que no obren na declaración responsable achegada, sempre que consten non devanditos rexistros, se pode proceder a obter estes certificados para comprobar os datos que faltan.

Polo tanto, se procede a obter o certificado do Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde a empresa está inscrita co núm. 4010 e se comproba que a escritura de apoderamento da representante da empresa, M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero, é de data 28.02.2025 e o núm. de protocolo é o 389-2024, e, unha vez comprobado que constan no certificado os datos que faltan na declaración, a secretaria xeral municipal comunica que a empresa, debe ser admitida á licitación.

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda admitir á licitación a E.I.L. Cormo Integral, SLU.

A continuación procédese ao exame da proposición presentada pola entidade licitadora co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	IVE	PREZO TOTAL	BOLSA DE HORAS	PLAN DE SENSIBILIZACIÓN
E.I.L. CORMO INTEGRAL, SLU CIF B36952166	70.408,97	14.785,88	85.194,85	NON OFERTA BOLSA DE HORAS	NON OFERTA O PLAN



A continuación a secretaria xeral do Concello informa de que no Cadro de Características do PCAP se establecen os criterios para apreciar cando as ofertas poden estar incursas en presunción de temeridade que son os seguintes:

- **“Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición que se atope nos seguintes supostos:**
- *Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*
- *Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*
- *Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidade porcentuais.*
- *Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopan no suposto indicado. En todo caso, se o número das ofertas restantes é inferior a tres, a nova media calcularáase sobre as tres ofertas de menor contía.”*

Aplicando estes criterios, procédese polo interventor municipal a realizar os correspondentes cálculos e resulta que, tendo en conta que hai unha soa empresa licitadora que oferta un prezo de 70.408,97 euros, sen IVE, e que o orzamento base de licitación ascende a 71.243,97 euros, a oferta presentada por E.I.L. Cormo Integral, SLU non está incursa en presunción de anormalidade porque non é inferior en máis de 25 unidades porcentuais ao orzamento base de licitación e non supera o límite de 53.432,98 euros.

A continuación procedese polo interventor municipal á valoración das ofertas segundo os criterios de adjudicación establecidos no Cadro de Característica das bases que rexen esta contratación (prezo, bolsa de horas de libre disposición e plan de sensibilización sobre integración laboral da diversidade funcional e sensorial), respecto dos que se establece que a puntuación máxima posible a acadar é de 70 puntos, que de forma desagregada é a seguinte:

#### **“1.- Prezo:**

##### **Mellor proposición económica ofertada, ata un máximo de 40 puntos.**

*O órgano de contratación puntuará cunha puntuación máxima de 40 puntos a oferta máis vantaxosa desde o punto de vista económico e o resto obterá unha puntuación proporcional segundo a súa oferta, mediante aplicación da fórmula de ponderación:*

$$P^E = (40 * O^M) / O^E$$

Onde :

$P^E$  = Puntuación da oferta a valorar

$O^M$  = Oferta mais baixa

$O^E$  = Oferta a valorar”.

#### **2. Melloras:**



**2.a) Bolsa de horas de libre disposición:** Mellor proposición ofertada respecto a horas de libre disposición por riba das previstas como mínimas para a prestación do servizo, en cada tempada de verán, para necesidades ou reforzo do persoal, ampliación de horarios ou situacións extraordinarias que considere o Concello de Redondela para mellora do servizo, ata un máximo de **10 puntos e un máximo de 120 horas/tempada, segundo a seguinte distribución:**

- 30 horas 4 puntos
- 60 horas: 7 puntos
- 120 horas: 10 puntos

**2. b) Outorgarase 20 puntos á licitadora que presente un Plan de sensibilización sobre integración laboral da diversidade funcional e sensorial.**

*Este plan incluírá actividades de distinto tipo que o Concello de Redondela poda realizar. Se trata de axudar ao avance da integración total das persoas con diversidade funcional, no ámbito laboral, neste caso. Insistindo na sensibilización da cidadanía sobre a igualdade das persoas con diversidade laboral e a súa inclusión no ámbito laboral, así como expoñer as funcións dos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e Empresas de Inserción”.*

Aplicando estes criterios e considerando innecesario ningún informe adicional, dado o seu carácter obxectivo, obtéñense as seguintes puntuacións:

LICITADOR	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	PUNTOS	BOLSA DE HORAS	PUNTOS	PLAN SENSIBILIZACIÓN	PUNTOS
E.I.L. CORMO INTEGRAL, SLU CIF B36952166	70.408,97	40,00	NON OFERTA BOLSA DE HORAS	0,00	NON OFERTA O PLAN	0,00

Á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade dos seus membros, remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación do contrato a favor de E.I.L. Cormo Integral, SLU, ao ser a única empresa licitadora cuxa oferta obtén a mellor puntuación.

Así mesmo a Mesa procede a comprobar no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa E.I.L. Cormo Integral, SLU, proposta como adxudicataria, está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar así como ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Tamén se procede a obter os certificados acreditativos de que a empresa se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Redondela, resultando todos eles positivos.

Finalmente a Mesa acorda que se lle requira á única empresa licitadora cuxa oferta obtivo a mellor puntuación, E.I.L. Cormo Integral, SLU, co CIF núm. B36952166, para que, no prazo de sete días hábiles, presenten a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva e a acreditativa da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional





CONCELLO DE REDONDELA

establecida no Cadro de Características do PCAP.

Para rematar procedese a lectura da presente acta e os membros da Mesa amosan a súa conformidade co contido da mesma.

Para constancia do tratado, redáctase a presente acta, que asino electronicamente xunto coa Presidenta, de todo o que, como secretaria, dou fe.

